



Tesouros

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Castro Maunzo

O castro Maunzo está en Santo André de Xeve, a un quilómetro da pista que vai a Amil, no concello de Pontevedra. Está minado por debaixo, onde se escondían os mouros, con túneles que chegan á Casa de Gondar. Nel hai tesouros, mesmo unha mina de ouro. Para conseguir os tesouros hai que levar un cura para que desfaiga o encanto. O cura ter que ler □as reliquias□ (un libro) diante das persoas que estean presentes. Cando sae o encanto (en figura de animal coma serpe, vaca, touro, carneiro) hai que darlle un pao na cabeza e o encanto desfaiase ou derrétese en cartos.

Neste castro hai unha cidade (unha cidade) soterrada feita sobre catro columnas de ouro. Pero non se pode desenterrar; con só tocarlle, a cidade desaparecería.

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

APARICIO CASADO, B., Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega, Cuadernos do Seminario de Sargadelos, 80, Edicións do Castro, Sada, 1999.